

# Unha Educación acorde coas transformacións sociais

*Resulta evidente que nos últimos anos a escola ten traspasado os seus obxectivos iniciais. Hoxe non só instrúe –afirma a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa– senón que tamén presta un servizo á sociedade*

**Mª JOSÉ PÉREZ MARIÑO**  
Directora xeral de  
Ordenación e  
Innovación Educativa

Na última década, a sociedade ten experimentado numerosos cambios: a incorporación da muller ao mundo laboral; o desenvolvemento das novas tecnoloxías da Información e a Comunicación; os cambios demográficos, ou o aumento da poboación inmigrante. A escola, como integrante da sociedade, debe contemplar estes cambios e incorporalos tanto ás súas ensinanzas coma aos servizos que presta. O centro educativo constitúe para os máis cativos algo máis que un sitio ao que acoden para aprender a ler e escribir. É o lugar da socialización. Nel transcurren os anos máis importantes da súa vida, aqueles nos que deben aprender a convivir e relacionarse. “A escola non debe ser unha preparación para a vida; a escola debe ser a vida mesma”, afirmaba o escritor e filósofo Elbert Hubbard.

Os esforzos que a Administración educativa galega realiza son pois o resultado

desta necesidade de adaptarse aos cambios sociais e transmitir ao alumnado os valores democráticos e de convivencia que farán deles futuros cidadáns. Pero non debemos esquecer o papel fundamental que na Educación dos seus fillos tamén representan os pais e as nais, que cada día se implican máis nos proxectos de centro e demostran a súa participación a través das asociacións de pais e nais e nos consellos escolares.

Resulta evidente que nos últimos anos a escola ten traspasado os seus obxectivos iniciais. Hoxe, non só instrúe, senón que tamén presta un servizo á sociedade. A Consellería de Educación, consciente da importancia da conciliación da vida familiar e laboral, aposta por servizos complementarios, coma o transporte e os comedores escolares. Na actualidade, todas as rutas de transporte escolar que o precisan contan coa figura da persoa acompañante. Ademais, a Administración educativa vén de publicar un decreto de comedores que xeneraliza este servizo e,

“Esta década supuxo para a Educación un achegamento escola e sociedade”

entre outras medidas, incide na importancia dos hábitos saudables, e inclúe a posibilidade de menús específicos para alumnado con intolerancias ou alerxias.

A integración no espazo común europeo constitúe outro dos factores fundamentais desta década. Dentro do marco educativo, este proceso plásmase na estratexia multilingüista de 2+1 da UE, é dicir, coñecer dúas linguas estranxeiras ademais da materna. Por isto, a Administración educativa galega impartirá desde o próximo curso a materia de Inglés desde os seis anos, e propónse implantar o estudo dunha primeira lingua estranxeira en Infantil para esta lexislatura. Estas accións complementanse con actividades de inmersión lingüística e pro-

xectos de centro coma as “seccións europeas”, que consisten na ensinanza en inglés ou francés de materias non lingüísticas.

O desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e a Comunicación ten sido outro dos grandes protagonistas dos últimos anos. Ao igual que acontece coa ensinanza de linguas, a súa introdución nas primeiras etapas educativas contribúe a que o alumnado se familiarice con elas e desenvolva competencias dun xeito natural e intuitivo, que facilitarán enormemente a súa relación futura coas novas tecnoloxías. Durante o ano 2006, a Administración educativa galega puxo a disposición dos centros educativos un total de 17.000 equipos de última tecnoloxía, e convocou 10.000 axudas para a compra de ordenadores dirixidas a familias. Esta dotación de material, que será similar en 2007, acompáñase ademais de actividades formativas dirixidas a docentes; e dunha convocatoria de axudas para a realización de proxectos de innovación para a incorporación de novas

tecnoloxías á Educación, da que resultaron seleccionados 10 centros educativos.

Outro dos fenómenos tidos en conta polo departamento educativo galego é o da inmigración. Mentres que no curso 2003-04 estudaban en Galicia un total de 6.704 alumnos estranxeiros, Educación baralla este ano unha cifra de 10.500, o que representa un 2,8 por cento do alumnado. Estes estudantes, que moitas veces descoñecen os idiomas oficiais e teñen desfases curriculares, requiren unha atención especial por parte da Administración. Este curso, 78 docentes traballan na atención ao alumnado inmigrante e as minorías. Pero un contexto multicultural coma este debe contar coa implicación de toda a comunidade educativa. Neste senso, a Consellería desenvolve este curso o Plan Valora, un proxecto de difusión en valores democráticos coma a liberdade e a tolerancia, o medio ambiente, a saúde ou a igualdade.

A promoción da convivencia nas aulas converteuse noutra das prioridades nestes anos. A Administración edu-

cativa acaba de pór en marcha o Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar, que inclúe a creación dun Observatorio da Convivencia e a elaboración de plans nos propios centros.

Por todo o anterior, esta década supuxo para a Educación un achegamento cada vez maior entre escola e sociedade. Pais e nais e outros sectores do contorno escolar implicanse cada vez máis na Educación dos estudantes, conscientes de que a súa formación beneficia a todos. Pola súa parte, a Administración quere trasladar todos estes cambios sociais aos centros educativos, ao tempo que atende á necesidade de conciliar a vida familiar e laboral dos pais. As accións realizadas nos dous últimos anos demostran que o concepto de educar abriu a cuestións fundamentais coma os valores democráticos, a convivencia... e materias transversais coma a saúde, o medio ambiente e a Educación vial. Só así, mediante esta relación mutua, a escola pode ser fiel reflexo da “vida mesma”.

Un proxecto colaborativo a través da web

## O proxecto Climántica de Educación ambiental

**Climántica é un proxecto de Educación ambiental da Consellería de Medio Ambiente desenvolvido en colaboración coa Consellería de Educación.**

O proxecto Climántica é froito dunha intensa dedicación levada a cabo por diferentes expertos que se iniciou en setembro de 2006. O equipo Climántica consta de catro grupos de traballo –didáctica, edición gráfica, multimedia e asesoría científica – que traballan coordinados mediante o uso dunha plataforma colaborativa.

A parte de Climántica que está dirixida aos alumnos de Secundaria expón –o longo de oito unidades didácticas– os grandes problemas ambientais, á vez que os relaciona co cambio climático a nivel global. Todas as unidades foron deseñadas para que a súa aplicación nas diferentes áreas, materias e módulos da ensinanza Secundaria resulte interesante, sinxela e eficaz. Co conti-

do das unidades didácticas “aliméntase” todo o proxecto. Co contido da unidade nº1 “Cambia o clima” que se editou en febreiro se configuraron os oito apartados da web que coinciden con cada un dos oito capítulos da unidade, e que se poden consultar en galego, castelán e inglés. O contido de cada unha das unidades didácticas se adapta á ensinanza Primaria mediante un comic didáctico, a partir do cal se elaborarán curtas de animación 3D e videoxogos, para aproximar o proxecto ao currículo de Primaria a través da fantasía e espírito lúdico propios da etapa. Climántica busca tamén a Educación ambiental para a cidadanía en xeral para o que se dispón de *blogs* na web que permiten a reflexión e o debate, e a edición nesta páxina dos contidos máis divulgativos das unidades didácticas. Tamén se pretende sensibilizar e informar mediante documentais, revistas e láminas con conceptualización moi gráfica e visual.

As unidades didácticas poden utilizarse no seu con-

xunto, en ciclos formativos de Formación Profesional de técnicos ambientais, ou mediante a coordinación dun equipo docente de diversas disciplinas nas etapas de Secundaria, facilitando o seu desenvolvemento e aplicación transversal. Ademais, grazas a súa estrutura, tamén é posible que os profesores que o desexen, poidan usar capítulos illados, ou extraer aquelas partes que consideren máis interesantes para os seus alumnos. Para facilitar estas descargas selectivas o máis personalizadas posible, o profesorado poderá acceder a través da web de Climántica ás descargas de fragmentos de cada unidade: capítulos, contidos, fragmentos adaptados ás diferentes áreas, materias e módulos, ilustracións singulares, fotografías, animacións, documentais, artigos, etc. Nestes momentos xa se pode descargar a unidade didáctica “Cambia o clima” que está fragmentada por capítulos no apartado de descargas da web, para facilitar o proceso. Desta forma, Climántica permite que os pro-



Francisco Sónora, responsable de Climántica.

fesores adapten as unidades didácticas os seus intereses educativos de forma rendible e eficaz.

Na web de Climántica conflúen todos os produtos que se derivan da edición das unidades didácticas. Esta páxina está en <http://medioambiente.xunta.es> pero tamén se pode localizar no enderezo abreviado [www.climantica.org](http://www.climantica.org). Aquí tamén é posible atopar versións dixi-

tais das unidades editadas en papel, cun contido e un deseño totalmente adaptados ao medio. Polo tanto, os profesores que decidan impartir as súas clases con estas unidades web, poderán desenvolver o traballo en soporte informático. A finais do mes de marzo publicouse no apartado de Didáctica a primeira destas unidades multimedia titulada “A temperatura do planeta vivo” que xa se

está aplicando nos centros desde a a web e que vai dirixida especialmente ás materias de Física e Química e Biología e Xeoloxía de 4º de ESO e de Bacharelato.

Para a divulgación, aplicación e utilidade do proxecto é imprescindible o interese e a implicación do profesorado. Por iso cada unidade didáctica de Climántica inclúe unha experiencia piloto, co seu correspondente curso de formación.

Anque o contido da primeira unidade “Cambia o clima” está especialmente relacionado con áreas e materias do currículo de Secundaria dos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía, tamén resulta de interese para outros departamentos como Xeografía e Historia, Física e Química, Tecnoloxía e Economía, xa que aborda o cambio climático tendo en conta causas normais e debidas á influencia humana, efectos e impactos en ecosistemas terrestres e acuáticos, repercusións socioeconómicas do problema, etc.

Como resultado do primeiro curso constituíuse un equipo de 31 profesores de 18 centros para adaptar, a modo de experiencia piloto, o contido da unidade didáctica “Cambia o clima”, para o que contarán co apoio *e-learning* do equipo. Neste proceso desenvolveranse novos produtos Climántica como resultado das ideas que xurdan deste seminario permanente

[www.climantica.org](http://www.climantica.org)